

Rodríguez Garabatos, B.-P. (2021). *Emilia Pardo Bazán y la moda*. A Coruña: Hércules de Ediciones. 264 páxinas.

No ensaio *Emilia Pardo Bazán y la moda*, Blanca Paula Rodríguez Garabatos (Santiago de Compostela 1973), doutora en estudos literarios pola UDC e Licenciada en Historia Contemporánea pola USC, amosa unha faceta inédita da autora coruñesa. Dona Emilia foi, tal e como se aprecia no conxunto da súa obra narrativa, unha experta coñecedora do mundo *fashion*. As súas crónicas das exposicións universais de 1889 (“Al pie de la Torre Eiffel”) e 1900 (“Cuarenta días en la Exposición») ocúpanse da Historia da moda e analizan os pormenores desta industria tan importante para Francia, revisando as materias primas, tecidos e manufacturas parisienses, deténdose especialmente nas sederías lyonesas.

A monografía analiza como dona Emilia describe o presente da moda e se recrea nas creacións máis impresionantes dos modistos da *Belle Epoque*. Admira os deseños de Worth, as irmás Boué, Paquin e mesmo nos descobre un modisto hoxe case esquecido, Felix Poussineau, artífice do vestido político de *madame* Carnot na exposición universal de 1889 e creador do escandaloso vestido negro de *madame* Gautreau, retratada na obra de Singer Sargent, *Madame X*.

Por outra parte, o ensaio descóbrenos que nos seus libros de viaxes como *Por Francia y por Alemania*, no capítulo “Trapos moños y perendengues”, a condesa recolle a influencia da moda británica na masculinización da vestimenta feminina. A súa correspondencia, inédita ata o de agora, coa súa comadre santiaguesa Carmen Miranda de Pedrosa, é un auténtico, “Arte do vestir”,

un libro de consellos sobre estilismos, teas, tendencias, peiteados e outras moitas cuestións *fashion*.

Blanca Paula destaca que Pardo Bazán se ocupa, tanto nas cartas á señora de Pedrosa como na súa obra de ficción, do corpiño, unha peza controvertida xa que menoscababa a saúde da muller. Con todo, a autora galega tamén subliña, cun certo ton moralizante, como a vaidade feminina prevalece baixo a idea de que “para lucir hai que sufrir”, de xeito que as damas dos seus relatos non renuncian a presentarse en público e en privado ben cinchadas de corpiño. Dona Emilia utiliza esta peza con fins metafóricos. Nalgunhas ocasións, esta prenda aparece como un instrumento protector da muller fronte ás agresións masculinas. Outras veces, o corpiño é un elemento opresor e, como tal, sénteno as mulleres intelectuais, traballadoras, independentes e modernas que non poden vivir baixo tal suxeición imposta pola moda.

No relativo á novelística, o ensaio recolle que, particularmente en “La Quimera”, Pardo Bazán demostra un exhaustivo coñecemento do sistema da moda. Os protagonistas da citada novela visitan a *maison* Paquin e alí son testemuñas tanto da parte creativa do mundo *fashion* (modistos e “primeiras”), como da parte fabril (costureiras, oficiais) e da parte xestora (administración). O bigotudo e avaro Isidor Jacob Paquin é o administrador da *maison* e a súa esposa Jeanne Beckers é a creadora dos deseños. A mesma obra describe un desfile de moda no que se fala das modelos como mulleres fermosísimas que portan deseños que fan soñar ás clientas do *atelier* e as inducen a comprar.

En efecto, Pardo Bazán destaca ao longo dos seus contos, novelas e obras teatrais, o importante papel das modistas, obreiras da agulla que, en ocasións, son copistas de vestidos deseñados polas grandes casas de moda e outras veces encárganse de actualizar vestidos vellos. As modistas resultan indispensables para que as señoras da burguesía poidan contar cun armario fornecido sen realizar dispendios excesivos. Neste sentido, Rodríguez Garabatos recolle que en “El vestido de boda” se alude ao costume de moitas modistas españolas de afrancesar os seus nomes, modais e léxico para atraer ás súas clientas. A protagonista desta obra teatral, Paula Castañar, decide rotular a súa *boutique* co nome de Palmyra Lacastagne para así gozar dunha clientela moito máis selecta.

A monografía destaca que a moda é empregada por Pardo Bazán como recurso narrativo de primeira orde e serve para representar o ascenso social de mulleres como Lina Mascareñas en “Dulce dueño” ou as aspiracións de medrar socialmente de Rosa Neira en “Memorias de un solterón”. Nesta mesma liña, arguméntase como a vestimenta caracteriza a psicoloxía dos personaxes das novelas e contos da autora coruñesa, xa que a través da moda sabemos que Rosa Neira é unha ridícula de clase media que pertence ao grupo das *fashionistas* irredentas. A moda tamén reflicte os vaivéns psicolóxicos de Lina Mascareñas en “Dulce dueño” ou a evolución madurativa de Lucía en “Un viaje de novios”. Mulleres emancipadas e independentes como Fe Neira en “Memorias de un solterón” ou Miss Annie en “La sirena negra”, damas ousadas e determinadas como Rosario en “El saludo de las brujas”, dandis femininas como Espiña Porcel en “La Quimera”, beatas mediocres como Carmiña Aldao en “Una cristiana” y “La prueba”, exemplos de castidade como Nieves en “El cisne de Vilamorta”, ou burguesas maquiavélicas e intrigantes como Mercedes en “Allende la verdad”, son algúns dos exemplos de caracterización a través do vestiario que Pardo Bazán nos ofrece na súa amplísima narrativa e recollidos por Rodríguez Garabatos.

Alén disto, tamén se destaca que a condesa se ocupa na súa obra de ficción e nas súas cartas das estritas convencións sociais en materia de indumentaria para cumprir cos requisitos de decoro e elegancia. No ámbito doméstico, batas, chambras, deshabillés, peinadores e mandís forman parte do repertorio de pezas que locen criadas e señoras no seo do fogar. Dentro da casa tamén é relevante o traxe de recibir que non debe ser nin demasiado relaxado nin excesivamente ostentoso, xa que o descoido neste punto pode reflectir unha escasa consideración cara á persoa visitante.

De seguido, o ensaio sostén que saír á rúa tampouco parece unha cuestión fácil. O traxe de modista convive co traxe de *trotteur* para o desempeño das obrigacións sociais. As novas modas procedentes de Inglaterra van imponendo un canon moito máis simplificado e que permite adaptarse a un maior número de situacións. Ademais, o acto de pasear impón o uso dun amplo repertorio de complementos entre os que se contan as antucas e os sombreiros. Capotas, chapeus de palla, chapeus de cornete, tricornios, chapeus de á ancha... todos eles constitúen un repertorio interminable de estilos que desfílan polas páxinas dos contos e novelas de dona Emilia e que son analizados na monografía, así como os abrigos e impermeables, outras pezas de rúa impres-

cindibles que protexen ás damas das inclemencias do tempo, da sucidade do ambiente e tamén das olladas indiscretas.

A monografía tamén destaca que a costume de pasear polas tardes devén a escusa perfecta para ofrecer un repertorio inigualable de elegancias, xa que Dona Emilia non deixa escapar a ocasión de referirse ás novidades en materia de traxes de paseo, pero a súa mirada perspicaz tamén disecciona a realidade que se esconde detrás do acto, aparentemente inofensivo, de deambular sen obxectivo. Pasear é unha forma de lucirse para atraer a atención masculina e conseguir un matrimonio proveitoso, tal e como se pode apreciar no relato “Los ramilletes”.

Por último, a obra trata a maneira na que Pardo Bazán se recrea nos códigos da vestimenta requiridos para as ocasións especiais da vida. No relativo á morte ou á perda dun ser querido, que viste de negro ás súas protagonistas, destácase que a exteriorización do sentimento de loito a través do vestiario converte ás mulleres enloitadas en obxecto de admiración morbosa e mesmo de deleite erótico. Ademais, outro dos momentos transcendentais da vida, o matrimonio, atopa a súa expresión máxima no vestido das noivas, por exemplo, no relato “Las vistas”, que plasma a importancia do *trousseau* nupcial como signo de éxito sentimental e de ostentación social da muller casadeira.

Nesta mesma liña, o ensaio explica que tamén o teatro é outro marco no que se exhiben sentimentos e, sobre todo, vaidades. O traxe de *soirée* é o colofón da vida social e as heroínas de Pardo Bazán vístense espléndidamente para estas ocasións nas que a fermosura feminina brilla en todo o seu esplendor.

Para finalizar este bloque, o estudo fala do entroido, a festa que tanto lle gustaba a Dona Emilia, e que lle serve para recrear en varios relatos o xogo das aparencias. Analízase que nos dominós das protagonistas dos contos do chamado “ciclo de Entroido” escóndense intencións, sentimentos e frustracións que non poden saír á luz se non é baixo a coiraza que ofrece o disface.

Blanca Paula Rodríguez Garabatos consegue con este ensaio mostrar a enorme sabedoría da autora coruñesa acerca de cuestións *fashion*. Grazas a el coñecemos –ou recoñecemos– que Pardo Bazán era unha superdotada capaz de converterse en especialista sobre calquera tema que fose do seu interese.

A moda gustáballe como “conversación grata para las señoras”, tal e como podemos ver na súa correspondencia privada, pero tamén como “una fuerza social” e un elemento de “vida para el arte”, tal cal se aprecia nas súas crónicas e libros de viaxes. Pero ademais, a moda tamén lle serviu para reflectir toda clase de ambientes, xa sexan costumistas ou decadentes, e para dotar aos personaxes dos seus contos e novelas dunha fondura psicolóxica que se ve referendada pola aparencia.

María de los Ángeles Rozados Fernández
Xunta de Galicia